



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Índice

1- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	6
1. CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA:.....	6
2. TIPOS DE FAMILIAS.....	6
3. ALUMNADO:.....	7
4. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:.....	7
5. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS.....	8
5. XUSTIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	8
2- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.....	9
3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.....	12
4- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	13
a) A atención á diversidade no desenvolvemento curricular.....	13
b) A atención á diversidade no PEC e na CC:.....	13
c) A atención á diversidade na Programación de Aula (PA): (Emprégase terminoloxía non vixente na LOMLOE. Xa non existen os estándares. Non se menciona o perfil de saída, os descritores operativos que definen os obxectivos de área, as situacións de aprendizaxe, etc.....	15
4.1- MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	16
Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, asignación de titorías, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.....	16
Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.....	17



Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.....	18
Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.....	18
Aulas de atención educativa e convivencia.....	18
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.....	18
Programas de enriquecemento curricular.....	19
Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.....	20
Plan de reforzo para alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.....	20
Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.....	20
Programas de habilidades e competencias sociais.....	20
4.2 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	21
Adaptacións curriculares:.....	22
Agrupamentos flexibles.....	23
Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.....	24
Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.....	25
Programas de Diversificación Curricular (PDC). Coa entrada en vigor do Decreto de 8 de setembro de 2021 pasan a desenvolverse no 3º e 4º curso da ESO.....	26
Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.....	27
Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.....	28



Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.....	28
Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.....	28
Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.....	29
Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.....	29
Grupos de adquisición de linguas.....	30
Grupos de adaptación de competencia curricular.....	31
Atención educativa a mozas embarazadas.....	32
5. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.....	32
CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS.....	33
CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE AD PROPOSTAS.....	33
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS.....	35
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.....	39
COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA.....	39
COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS.....	40
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS/PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E CON DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS.....	41
8.1 CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS.....	41
8.2 CANLES DE COLABORACIÓN COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS.....	42
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	42
ADAPTACIÓN CURRICULAR.....	43
AGRUPAMENTOS FLEXIBLES.....	43

APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU AUDIÇÃO E LINGUAXE.....	44
FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN NAS ETAPAS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	45
PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR.....	46
10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	49
10.1. NIVEIS DE AVALIACIÓN.....	49
10.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	49
10.3. SEGUIMIENTO DO PLAN.....	49
10.4. TEMPORALIZACIÓN.....	50
10.5. INSTRUMENTOS.....	50
ANEXO I: INFORME DE DEMANDA DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.....	52
ANEXO II: PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS.....	54
ANEXO III: COMUNICACIÓN INDIVIDUAL MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE).....	57
ANEXO IV: INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE).....	58
ANEXO V: PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.....	59
ANEXO VI: PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PASE DE CURSO CON MATERIAS SEN SUPERAR.....	63
ANEXO VII: PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.....	66
ANEXO VIII: COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS....	70
ANEXO IX: MODELO ADAPTACIÓN CURRICULAR.....	71
ANEXO X: MODELO DE INTERVENCIÓN DE AL E PT.....	75



ANEXO XI: INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO DE PT E AL.....	76
ANEXO XII: AUTORIZACIÓN PARA A COMUNICACIÓN DE DATOS ESCOLARES CON ENTIDADES EXTERNAS FÓRA DOS CONVENIOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.....	78



1- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1. CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA:

- a) **Socio-cultural:** O CPI de San Vicente da Baña, xunto coa EEI de Lañas, conforman a oferta educativa do concello da Baña. O concello da Baña é eminentemente rural, aínda que as actividades agrícolas non son as que ocupan a maioría da poboación. Das 3.415 persoas censadas no ano 2020, o sector servizos ocupa a 678 persoas, a agricultura e pesca 192, a construción 150 e a industria 130. O número de persoas paradas en 2019 era de 185 persoas e o movemento migratorio nese mesmo ano foi de 106 persoas. No ano 2019 había no concello un total de 131 explotacións de gando vacún cun total de 4.663 animais e estaban rexistradas un total de 326 empresas, das cales 309 constan de 0-2 asalariados. O censo de poboación é de 3.415 habitantes no censo de 2020, dos cales 215 están en idade escolar (de 0 a 15 anos).
- b) **Económica:** Esta realidade social e cultural dá lugar a unha situación económica complexa. A maioría da poboación traballa no sector servizos ou como autónomos. Existe unha alta porcentaxe de persoas desempregadas e tamén un preocupante descenso poboacional, consecuencia do envellecemento da poboación e da migración da poboación máis nova, en especial a concellos próximos como Negreira, Santa Comba, Ames ou Santiago de Compostela, na procura de oportunidades laborais e maior oferta de servizos.
- c) **Lingüística:** Está configurada por:
- i. Unha poboación maioritaria que usa o **galego** como idioma habitual e que tamén posúe competencia, cando menos verbal, para expresarse en lingua castelá.
 - ii. Unha porcentaxe pequena de poboación que emprega o castelán como lingua vehicular e que posúe unha competencia similar en galego.



2. TIPOS DE FAMILIAS

No concello da Baña existe un número significativo de **familias extensas** nas que conviven tres xeracións distintas. Existen tamén numerosas **familias nucleares** nas que os proxenitores conviven cos seus fillos, entre un e dous, e un pequeno número de **familias monoparentais**.

3. ALUMNADO:

a) **Características:**

O tipo de poboación anteriormente descrito dá lugar a un alumnado bastante homoxéneo que convive de xeito harmónico, non producíndose, salvo en contadas excepcións, conflitos ou problemas significativos de convivencia no centro escolar. Aínda así, o centro escolar preocúpase por desenvolver de xeito interdisciplinar e dentro do Plan de Acción Titorial en todas as etapas educativas, medidas de **sensibilización e prevención** do acoso, a discriminación ou a violencia, así como de potenciación dunha cultura de **xestión pacífica dos conflitos**.

b) **Necesidades:**

A dispersión da poboación, xunto coa limitada oferta de servizos de transporte dá lugar a unha escasa oferta de actividades complementarias para os menores de 16 anos, tanto culturais coma deportivas. Ao mesmo tempo, e tamén como consecuencia da distribución territorial da poboación, en moitos lugares carecen dunha conexión a Internet minimamente aproveitable para o desenvolvemento do traballo escolar.

Por este motivo, o centro escolar procura, na medida das súas posibilidades, compensar esas desigualdades proporcionando ao alumnado o acceso a actividades educativas e recursos de aprendizaxe dos que poidan carecer nos seus fogares, por un lado colaborando co Concello da Baña e a ANPA Vieiro do Ensino na organización de actividades extraescolares no centro educativo e, por outro, mantendo aberta a biblioteca escolar todas as tardes de 15:30 a 17:30 e participando en diferentes programas de innovación educativa en horario escolar e extraescolar como os Contratos Programa, E-Dixgal ou Digicraft no teu cole.



4. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:

O centro ten unha estreita relación de colaboración coas seguintes organismos e institucións:

- a. **O Concello da Baña** co que colabora en aspectos fundamentalmente deportivos e culturais, así como na atención e seguimento de alumnado vulnerable a través dos seus servizos sociais.
- b. **A ANPA Vieiro do Ensino**, que colabora estreitamente co centro escolar na organización e desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares e de escola de nais e pais.
- c. A **Asociación Anxiños**, un fogar-residencia de menores con problemas de saúde mental e que escolariza no noso centro aos rapaces e rapazas en idade escolar que son atendidos no mesmo en réxime de residencia e tutela nalgúns casos.
- d. Os **IES Xulián Magariños de Negreira** e o **IES Terra de Xallas** de Santa Comba, que colaboran co departamento de Orientación na presentación das saídas académicas para o alumnado que remata estudos no CPI de San Vicente.

5. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS

O proxecto educativo de centro aséntase en catro piares, os alicerces sobre os que se constrúe o noso labor pedagóxico. Son os nosos valores e principios de funcionamento:

1. O compromiso co medio ambiente e a vida saudable.
2. A posta en valor da nosa lingua e a nosa cultura, coma vehículos para acceder á cultura e ao coñecemento universais.
3. A inclusión e a igualdade.
4. A compensación de desigualdades.

5. XUSTIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste contexto, o presente plan Xeral de Atención á Diversidade pretende ser un referente para ofrecer unha resposta educativa ao noso alumnado que compense as diferenzas individuais baseándose nos principios de **normalización** e **inclusión** e dende a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da nosa comunidade educativa.



Tal como sinalamos anualmente no DRDADI, entre o noso alumnado rexístranse distintos tipos de necesidades: dificultades de aprendizaxe, TDAH, problemas de linguaxe, altas capacidades, TEA, vulnerabilidade social... Xunto a estas casuísticas, a presenza de alumnado dun centro de menores situado no concello da Baña fai preciso que se apliquen as medidas de atención á diversidade co maior rigor posible.

A intención deste Plan Xeral é a de tratar de atender todas estas diversidades empregando todos os recursos persoais e materiais dispoñibles para tal fin, apoiándonos sempre na lexislación vixente e tendo en conta sobre todo a actualización da normativa de orientación e atención á diversidade que supón a nova Orde de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade na CAG.

2- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Por atención á diversidade enténdese o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Alumnado con necesidades educativas especiais

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos



obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe.

Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Por alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

Alumnado con altas capacidades intelectuais

O alumnado con alta capacidade intelectual caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia.

Segundo establece a orde de 8 de setembro de 2021 considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese, sendo competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos de orientación específicos, a acreditación da alta capacidade intelectual.

Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo

Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificado, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.



Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

Entre este alumnado inclúese aquel que presenta un retraso escolar significativo nunha ou en varias áreas ou materias, cun desfase curricular xeral de dous ou máis cursos ou niveis, e este non poida explicarse por necesidades educativas especiais, nin por dificultades específicas de aprendizaxe, nin por incorporación tardía ao sistema educativo.

Entre este alumnado podemos considerar:

- Alumnado en situación de absentismo, abandono escolar temperán e/ou desescolarización.
- Alumnado que precisa atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
- Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa a xoves embarazadas.

O procedemento para a identificación das posibles necesidades entre o alumnado do centro é o seguinte:

A avaliación inicial

Contribúe ao coñecemento do alumnado por parte de todo o profesorado que lle imparte docencia e posibilita a toma de decisións para a aplicación de medidas de atención á diversidade.

Consiste en:



- O DO e as persoas titoras aportan, antes do inicio do curso, toda a información relativa a necesidades específicas de apoio educativo detectadas así como do seu contexto sociofamiliar e as diferentes propostas de atención á diversidade presentadas polo equipo educativo e o DO do curso anterior.
- Os titores de infantil e primaria por un lado, e os titores e profesores de secundaria por outro avalían os coñecementos previos mediante os procedementos que estime oportunos e que recolla na súa PD. Segundo as conclusións proporán ao alumnado que consideren que necesita medidas de atención á diversidade por manifestar problemas de aprendizaxe. De consideralo necesario demandarase da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica. Protocolo de demanda de informe psicopedagóxico ANEXO I

A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA levarase a cabo cando conorra algunha das seguintes situacións_

- Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecta ao seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente se existen indicios de altas capacidades intelectuais
- Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.
- Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de AD.
- Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.
- Considérase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.
- O DO estuda e elabora informes para determinar se as medidas a desenvolver deben ser ordinarias ou extraordinarias.
- O profesorado titor, en colaboración coa xefatura do departamento de orientación, informará as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado sobre os procedementos para levar a cabo a avaliación inicial e, de ser o caso, a identificación temperá das necesidades educativas. Igualmente, achegaralles información sobre os resultados desa avaliación e, cando proceda, sobre a aplicación das medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias.



- O DO e as xefaturas de estudos analizan a dispoñibilidade horaria e planifican a atención do alumnado con NEAE por parte dos mestres/as especialistas de AL e PT, dando prioridade ao alumnado NEE, así como outras medidas de apoio por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Aplicación de medidas ordinarias: levadas a cabo polo profesorado de área, contando, sempre que sexa posible, co apoio dos especialistas. Informarase ás familias destas medidas. (MODELO DE INFORME)
- Aplicación de medidas extraordinarias: informarase ás familias e solicitarase autorización á Inspección Educativa. (MODELO)

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Os obxectivos do presente Plan Xeral de Atención á Diversidade son:

- Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, o que permitirá a detección precoz de necesidades.
- Atender ás necesidades educativas de cada alumno/a adaptándose as súas características persoais.
- Conseguir que o alumnado logre o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.
- Optimizar a organización dos recursos do centro, humanos e materiais, para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e en particular ao que presenta NEAE.
- Facer efectivo os principios de igualdade e inclusión no dereito á educación.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas individuais.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Promover a implicación das familias no proceso educativo.
- Adoptar, no ámbito da autonomía do centro, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación así como no intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

4- DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

a) A atención á diversidade no desenvolvemento curricular

A vía ou medida xeral máis importante de atención á diversidade que establece o sistema educativo hai que relacionala co feito de que se presente un **currículo aberto e flexible**, que debe ir concretándose nas diferentes instancias (Comunidades Autónomas, centros, aulas), co fin de que se poidan tomar aquelas decisións que axusten mellor a oferta educativa ás peculiaridades e características do alumnado.

Por outra parte, os propios **principios de intervención educativa** que inspiran o currículo, fundamentados na **concepción construtivista da aprendizaxe**, inclúen aspectos especialmente relevantes para a cuestión que nos ocupa. En primeiro lugar, porque se pon o acento na necesidade **de partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e dos seus coñecementos previos**, para poder adecuar a resposta educativa a súa situación de partida. En segundo lugar, porque se pretende asegurar a construción de aprendizaxes significativos, mediante o establecemento de relacións substantivas entre os coñecementos e as experiencias previas do alumnado e os novos contidos, favorecendo unha asimilación activa deste e propiciando a funcionalidade do aprendido, e dicir, a súa utilización en diferentes circunstancias da vida cotiá. E por último, porque se persigue que o alumnado realice as aprendizaxes por si so ou, o que é o mesmo, que aprenda a aprender, a acceder a novos coñecementos cun grao de autonomía crecente.

Dende outro punto de vista, a estrutura do currículo establece outra vía xeral de atención á diversidade ao incorporar un **espazo de optatividade**, mediante o cal se ofrece a posibilidade a todo o alumnado de desenvolver as capacidades dos obxectivos xerais da etapa seguindo itinerarios parcialmente diferentes.

A todo isto débese engadir a tendencia en atención á diversidade que avoga pola **inclusión**, que defende a atención aos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo facendo a mínima distinción posible co resto de alumnado.

b) A atención á diversidade no PEC e na CC:

Tanto no PEC como na CC, pódense e débense tomar decisións que teñan en conta o feito de que o alumnado é diverso. Canto máis "arriba" se adopten tales decisións,

máis posibilidades haberá de organizar e desenvolver a intervención educativa incorporando recursos e estratexias variadas que poidan dar resposta as diferenzas que presente o alumnado.

Polo que respecta o **Proxecto Educativo de Centro**, no tanto que fai explícitas as súas propias liñas de identidade, a súa concepción pedagóxica xeral, mediante a definición das súas grandes finalidades e a adaptación dos obxectivos xerais ás características do alumnado, supón xa un paso importante para crear as condicións que fagan efectivas unha ensinanza máis personalizada. Isto debe traducirse nunha identificación das prioridades educativas por parte da comunidade escolar, que deben concretarse en compromisos compartidos por todos os seus compoñentes e que, como se indicou, estarán ao servizo das necesidades do alumnado do centro.

En relación coa **Concreción Curricular**, cabe dicir que a maior parte das decisións que o Claustro debe tomar na elaboración e posta en práctica, ofrecen múltiples posibilidades para que a atención á diversidade sexa un eixo central neste nivel de desenvolvemento do currículo. Por exemplo, si un centro opta, na súa Concreción Curricular, por organizar os agrupamentos de forma que permitan crear grupos flexibles en determinadas áreas, co fin de atender as necesidades de aprendizaxe de determinado alumnado, contarase de antemán cun requisito (de carácter organizativo, neste caso) moi axeitado á hora de responder, de maneira planificada a estas necesidades.

De todos os xeitos, entre os elementos que han de configurar a CC, hai algúns que é precisamos destacar por estar directamente relacionados coa adopción de medidas (ordinarias ou extraordinarias) que favorecen e aseguran o tratamento á diversidade.

Por unha parte, hai que citar a **oferta de optativas** que faga o Centro , a través da cal - como se apuntou anteriormente- se poden atender diversas capacidades, motivacións e intereses do alumnado.

Por outro lado, o **plan de orientación e tutoría** do que se dote o Centro (que ademais contará co Departamento de Orientación para asesorar e coordinar as actuacións correspondentes), permitirá establecer tanto programas de acción tutorial, que faciliten un seguimento máis personalizado do proceso de ensinanza-aprendizaxe, como programas de orientación académica e profesional que contribúan a que os alumnos/as tomen decisións sobre o seu futuro partindo do

coñecemento das súas posibilidades e intereses e das diferentes alternativas educativas e laborais existentes.

Así mesmo, as decisións que se deben adoptar en relación coa **avaliación e promoción**, constitúen unha ocasión privilexiada para asegurar unha educación máis personalizada, pois permiten unificar criterios e determinar procedementos que garantan un sistema de avaliación formativa, de carácter continuo e integrador, que non só atenda aos resultados obtidos polo alumnado, senón, sobre todo, ao proceso de ensinanza-aprendizaxe e á propia práctica docente.

En relación coa **promoción de ciclo ou curso** e, no seu caso, a obtención do título correspondente ao finalizar a etapa da ESO, as decisións que se tomen na CC poden tamén establecer criterios que teñan en conta as diversas situacións do alumnado.

Por último, e aínda que se trate de medidas específicas ou extraordinarias que describiremos máis adiante, a CC debe incluír **PDC**, que se ofrecerán ao alumnado que non logren acadar os obxectivos da etapa a través do currículo ordinario, así como, no caso de centros que integren a alumnado con necesidades educativas especiais, as medidas que estes requiran para asegurar o seu progreso educativo (como criterios para a realización de **adaptacións curriculares**).

c) A atención á diversidade na Programación de Aula (PA):

O punto de inicio nas programacións de aula do profesorado debe partir das propostas de mellora sinaladas nas memorias do curso anterior, tendo así mesmo en conta os datos recollidos na avaliación inicial e nas reunións do profesorado dos distintos cursos i etapas.

No apartado da atención á diversidade deberán incluírse as concrecións das adaptacións curriculares para o alumnado que as precise, especificando o alumnado do grupo con algún tipo de adaptación curricular e o nivel de referencia curricular no que se atopa. Terase en conta así mesmo os diferentes protocolos en función dos diagnósticos do alumnado e mesmo as situacións que requiran de reforzo educativo (metodoloxía, cambio de sitio na aula...)

Deberá de xustificarse así mesmo a integración dos apoios, e dicir, do profesorado de apoio ás ANEAE (PT e AL), a docencia impartida por profesorado con liberación horaria, a posible implicación doutros profesionais (persoal coidador).

A fundamentación curricular das Programacións de aula deberán ter en conta:



- As competencias específicas: escribírase o número da competencia específica.
- Os criterios de avaliación.
- Os descritores operativos das competencias clave e o perfil de saída: cítanse os descritores operativos das competencias clave vinculados ao criterio de avaliación.
- Recoller as situacións de aprendizaxe que lle permitan aos alumnos/as adquirir as competencias claves e os saberes básicos recollidos nos criterios de avaliación (contextos de aprendizaxe: problemas, situacións reais, centros de interese...)
- Técnicas de avaliación (observación directa, análise de documentos, exames, análise do traballo diario...)
- Ferramentas de avaliación (escalas de valoración, diario de clase, cuestionarios, rúbricas...)
- Instrumentos de avaliación: enumeración dos produtos que permiten evidenciar o desenvolvemento e a adquisición das aprendizaxes do criterio a avaliar e das súas competencias vinculadas).

Por outro lado, terase en conta:

- As metodoloxías: aprendizaxe cooperativo, aprendizaxe por proxectos, por tarefas...
Poderanse sinalar os modelos de ensinanza que se van empregar: inducción, memorístico, expositivo, deductivo, xogo de roles...
- Agrupamentos: ter en conta que en moitas ocasións o traballo con alumnado ANEAE implica traballo individual. Non se debe esquecer o traballo en pequenos grupos, por parellas, en gran grupo...
- Espazos: aula, aula de profesorado especialista, aula de recursos TIC, biblioteca, talleres, espazos públicos e incluso na propia vivenda familiar.
- Recursos: web, multimedia, dispositivos móbiles, ordenador, portátil, gráficos, textuais.

Legislación vixente:

Na atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, seguindo as liñas indicadas no Decreto 229/2011 e a orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o decreto, poden establecerse dúas vías de atención á diversidade: medidas ordinarias e medidas extraordinarias.

4.1- MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.
2. Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, asignación de titorías, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Coa finalidade de adecuar a estrutura organizativa á diversidade do alumnado, cunha visión inclusiva, de equidade, de heteroxeneidade e de optimización dos recursos, os centros docentes deberán establecer criterios para a elaboración de horarios, a asignación de titorías, o agrupamento do alumnado e a distribución das aulas, unidades e espazos.

A organización dos agrupamentos constitúe un dos elementos da metodoloxía que permite maior adaptación dos contidos e das actividades que se aborden.

O traballo en gran grupo, en grupos reducidos ou individual teñen unhas potencialidades educativas diferentes e por iso utilizaranse segundo os obxectivos que se pretendan en cada momento.

Criterios para a organización de grupos:

O xeito en que se agrupa ao alumnados constitúe en si unha potente medida de atención á diversidade dado que a configuración do grupo vai influír en cuestións relevantes como:

- A posibilidade de desenvolver unha ensinanza máis ou menos individualizada

- A interacción social
- O emprego de metodoloxías máis participativas
- A motivación, satisfacción e colaboración do profesorado

O principio básico que debe rexer a formación de grupos será o equilibrio que permita

1. Atender á diversidade, en función das necesidades pedagóxicas do alumnado e da demanda de persoal que se precisa para a devandita atención.
2. Flexibilidade para poder realizar cambios en calquera momento do proceso, se se considera oportuno.
3. Un ensino inclusivo, evitando a segregación e a clasificación.

A organización inicial dos grupos de cada nivel así como os desdobres en áreas ou materias, serán organizados pola Dirección do centro, oído o Departamento de Orientación.

Os criterios para configurar a organización dos grupos de Educación Infantil, por orde de prioridade, son os seguintes:

1. Agruparanse en dúas aulas mixtas ou unha aula mixta e outra pura, tendo en conta o número de alumnos e alumnas matriculados en cada nivel no curso escolar correspondente e a ratio de cada aula (as aulas mixtas poderán incluír 20 alumnos e alumnas e as puras 25).
2. No caso de repartir o alumnado en dúas aulas mixtas, será o nivel intermedio (5º de Educación infantil) o que se distribúa repartido nas dúas aulas cun criterio estritamente cronolóxico e atendendo as necesidades especiais do alumnado, se as houberse.
3. O grupo que escolarice alumnado con NEE (por discapacidade intelectual, motriz ou sensorial, problemas graves de conduta e/ou condicións sociais moi desfavorables) serán discriminados positivamente na redución da ratio que oscilará entre un 10% e un 15 % (dependendo do caso).
4. Buscarase un equilibrio dos grupos con respecto ó sexo (reparto equilibrado de nenos/nenas).

Os criterios para configurar a organización dos grupos de Educación Primaria, por orde de prioridade, son os seguintes:

1. Buscarase un equilibrio dos grupos con respecto ao alumnado repetidor.
2. Buscarase un equilibrio dos grupos con respecto ao alumnado con Necesidades Específicas de Atención Educativa.
3. Buscarase un equilibrio dos grupos con respecto ao sexo.

4. Os grupos que escolaricen alumnado con NEE (por discapacidade intelectual, motriz ou sensorial, problemas graves de conduta e /ou condicións sociais moi desfavorables) serán discriminados positivamente, sobre todo na redución da ratio (entre un 10% e un 15%).

Os criterios para configurar a organización dos grupos de Educación Secundaria Obrigatoria, por orde de prioridade, son os seguintes:

1. Os grupos que escolaricen alumnos/as con NEE (por discapacidade intelectual, motriz ou sensorial, problemas graves de conduta e /ou condicións sociais moi desfavorables) serán discriminados positivamente, sobre todo na redución da ratio.
2. Buscarase un equilibrio dos grupos con respecto ao alumnado repetidor.
3. Unha vez aplicados os criterios anteriores, cando a xuízo do equipo de organización de grupos non exista ningún outro criterio pedagóxico e/ou organizativo (opcionalidade/optatividade, relixión/non relixión....) que o xustifique, atenderase ao criterio da orde alfabética.

Ao longo do curso, se hai motivos que o xustifiquen, poderíanse realizar cambios de grupo. O procedemento sería o mesmo que o seguido para configurar grupos ao inicio do curso.

Cambios metodolóxicos na organización do grupo-clase:

Tamén poden introducirse cambios na dinámica ordinaria da clase que contribúan a atender mellor as necesidades do alumnado na organización da clase, tanto na distribución do alumnado no espazo como na organización de agrupamentos (traballo en pequeno grupo, por parellas, etc...). Esta organización corresponde ao titor aínda que cada docente pode determinar a organización como considere oportuna.

Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.

O profesorado desenvolverá as programacións didácticas considerando o estilo pedagóxico do centro, definido pola cultura da inclusión, da diversidade, da coordinación, da participación, da colaboración, da tecnoloxía, da innovación, da avaliación e da relación co contorno, a partir do nivel de competencia curricular de cada alumna e/ou alumno e as axudas que precise, e tendo en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe, facilitando espazos de participación para todas as alumnas e todos os alumnos.

Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

Na planificación docente, no marco dos principios do deseño universal de aprendizaxe, poderán utilizarse distintas estratexias de traballo colaborativo, tales como os grupos heteroxéneos, a aprendizaxe por proxectos, a aprendizaxe servizo e a titoría entre iguais, entre outras. O profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa propia aprendizaxe, segundo as áreas, as materias, os ámbitos e/ou os módulos, os espazos e os tempos.

Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Igualmente, o profesorado informará a cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparar o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

Aulas de atención educativa e convivencia.

As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas nas cales se atende, temporalmente, o alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.

Non se enviará ningunha alumna nin ningún alumno a unha aula de atención educativa e convivencia sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá o tempo que dure a sesión lectiva en que se producise a conduta inadecuada.

O alumnado derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá desenvolver o **programa de habilidades e competencias sociais** que se recolle no Anexo II deste plan.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado remitido a esta aula serán informadas, cada vez que asistan á referida aula, e indicaráselles o motivo desa remisión.

A xefatura de estudos levará un rexistro do alumnado derivado, o profesorado que o deriva e os motivos.

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado. (MODELO COMUNICACIÓN MEDIDAS RE: ANEXO III)

O desenvolvemento destas medidas levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo e, en determinados casos, pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado (XADE).

Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación (ANEXO IV) do centro docente, que será arquivado no departamento de orientación.

Procedemento específico para a creación de grupos de reforzo educativo en 1º e 2º de ESO por exención da segunda lingua estranxeira

A normativa que regula este procedemento é a *RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23* que indica o seguinte:

O alumnado do primeiro curso que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exenta ou exento.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado afectado pola medida.

Programas de enriquecemento curricular.

Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o dito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.

Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. É competencia e responsabilidade do profesorado da área ou materia a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.

A participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado (XADE).

Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. (ANEXO V: MODELO DE PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO REPETIDOR EP).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.



Plan de reforzo para alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación. (ANEXO VI: MODELO DE PLAN ESPECÍFICO DE REC MATERIAS SEN SUPERAR ESO).

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.(ANEXO VII: MODELO DE PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO REPETIDOR ESO).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.



Programas de habilidades e competencias sociais.

As competencias e as habilidades sociais representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Tendo en conta a igualdade de oportunidades para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, discapacidade, idade, doenza, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero, o centro desenvolve programas de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado nos cales se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia. Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas, materias, ámbitos ou módulos, e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

O departamento de orientación elabora e desenvolve un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Tamén se elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

(ANEXO II: PROGRAMAS DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS)



4.2 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No marco do citado decreto e da orde de 8 de setembro de 2021 polos que se regula a atención á diversidade na C.A. de Galicia, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. Resaltar así mesmo a conveniencia de que estas medidas extraordinarias contén coa autorización asinada dos pais/nais ou dos tiores/as legais dos alumnos/as. (ANEXO VIII: MODELO AUTORIZACIÓN MED EXTRA) Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora da cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha a ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

Adaptacións curriculares:

Na Orde de 9 de setembro de 2021 defínense as adaptacións curriculares, ou adaptacións do currículo, como *“medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan aos elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con NEE e, excepcionalmente, ao restante alumnado con NEAE”*

As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel en que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Unha das novidades do nova Orde de 8 de setembro de 2021 está no cambio que se da á hora de promocionar e de titular. Segundo se reflexa nesta Orde, o referente para a promoción de curso e para a titulación pasa a estar marcado pola superación



da ACS, feito que implica como novidade que o alumno/a pase de curso e incluso poida obter o título da ESO á finalización da escolaridade obrigatoria.

Procedemento para a elaboración dunha AC:

a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidírase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a acta desta reunión.

c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo establecido (ANEXO IX: MODELO AC). Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizaraa o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cos establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que está matriculado o alumno ou a alumna.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación.

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluirá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estea escolarizado o alumno ou a alumna.

Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do servizo territorial de Inspección Educativa.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

Agrupamentos flexibles.

Os agrupamentos flexibles, ou grupos flexibles, consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias en que necesita unha atención máis individualizada, e ao cal a

oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe. Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da educación primaria e na educación secundaria obrigatoria.

O alumnado derivado a un grupo flexible pertencerá, para todos os efectos, a un mesmo nivel educativo, e manterase a necesaria coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o do agrupamento flexible. Esta medida ten un carácter reversible, xa que a súa finalidade é a pronta incorporación do alumnado ao seu grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles poderán realizarse, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, e o alumnado permanecerá nestes agrupamentos a totalidade do horario semanal da área ou da materia. Unha mesma alumna ou un mesmo alumno poderá ser derivado a máis dun grupo flexible, sempre que non se superen, con carácter xeral, os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal do grupo ordinario.

Os agrupamentos flexibles non suporán a ampliación de unidades do centro docente, por tratarse de agrupamentos temporais de carácter voluntario, nin incremento na dotación de profesorado do centro docente, polo que, de ser o caso, deberán organizarse co profesorado con dispoñibilidade horaria e, prioritariamente, con aquel que conte coa especialidade da área ou da materia e que xa lle imparta docencia ao alumnado que vaia integrar o agrupamento flexible.

O número máximo de alumnado de cada agrupamento flexible será de oito en educación primaria e de dez en educación secundaria obrigatoria.

A avaliación e a cualificación do alumnado dun agrupamento flexible corresponderalle ao profesorado que imparta a área ou a materia no devandito agrupamento.

Ao remate do curso escolar, o profesorado titor do alumnado do agrupamento flexible, coa colaboración da xefatura do departamento de orientación e do profesorado que imparte as áreas ou as materias do agrupamento, elaborará un informe individualizado de cada alumna ou alumno que participase nel, no que se indicará a efectividade da medida, así como a proposta sobre a continuidade, se procede, no curso seguinte.

A participación dunha alumna ou dun alumno nun agrupamento flexible farase constar nos documentos oficiais de avaliación. (XADE).

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

O apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado a que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

Da atención excepcional fóra da aula exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse,

respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

A **redución da duración do período de escolarización** consiste na redución dun ano escolar para o alumnado de altas capacidades, de maneira que:

1. En Educación Infantil: poderá comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade.
2. En educación primaria: esta redución afectará ao segundo curso do ciclo, de xeito que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo e non afectará ao derradeiro curso da etapa.
3. En educación secundaria obrigatoria: Esta redución non poderá afectar ao derradeiro curso da etapa.

Esta flexibilización será solicitada pola dirección do centro á xefatura territorial achegando un informe do profesorado que xustifique a necesidade desta medida, un informe psicopedagóxico no que conste a acreditación da alta capacidade intelectual, a conformidade expresa da nai, pai e/ou persoas titoras legais, a copia do historial académico e a proposta de adaptación do currículo no mes de marzo.

A **ampliación da duración do período de escolarización** consiste nas seguintes flexibilizacións:

1. En educación infantil: ampliación dun curso escolar para alumnado con acreditación de NEE, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade.
2. En educación primaria: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa.
3. En educación secundaria obrigatoria: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos dezanove anos de idade, no caso de centros docentes ordinarios, ou dos vinte e un, no caso de unidades de educación especial ou en centros de educación especial a tempo completo.



En ambos os casos, o límite de idade enténdese referido ao ano natural en que finaliza o curso escolar. Esta ampliación realizarase logo de esgotadas as medidas excepcionais de repetición de curso.

Os prazos para a solicitude desta ampliación son o mes de abril para o alumnado de educación infantil e primaria e dentro dos cinco días naturais seguintes á sesión de avaliación.

Programas de Diversificación Curricular (PDC). Coa entrada en vigor do Decreto de 8 de setembro de 2021 pasan a desenvolverse no 3º e 4º curso da ESO.

Consisten nunha modificación e nunha adaptación do currículo desde o terceiro curso de ESO e están orientados á consecución do título de graduado en ESO por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de AD nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do título.

Nos programas de diversificación curricular empregárase unha metodoloxía específica que lle permita ao alumnado acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes, a través dunha organización en ámbitos de coñecemento, actividades prácticas e, de ser o caso, materias, diferente á establecida con carácter xeral.

Os requisitos para acollerse a esta medida extraordinaria son os seguintes:

- Ser alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presente dificultades de aprendizaxe.
- Ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade sen que estas resultasen efectivas para a recuperación das dificultades detectadas.
- Atoparse en risco evidente de non acadar os obxectivos da etapa e as competencias correspondentes cursando o currículo ordinario.
- Contar con expectativas razoables de obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria coa incorporación a este programa.

Para poder ser proposto para a incorporación a este programa, o alumnado deberá atoparse nalgunha das seguintes situacións:

1. Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria, non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro e ter repetido unha vez na educación básica.



2. Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción ao curso seguinte.
3. Ter repetido o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo.
4. Ter cursado o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo, tendo repetido unha vez na etapa.

A duración dos programas de diversificación curricular será de dous cursos. Excepcionalmente, poderán establecerse programas dun curso de duración para o alumnado que se encontre nas situacións establecidas nos puntos 3 e 4.

Os grupos que se conformen para desenvolver estes programas, con carácter xeral, non superarán o número máximo de 10 alumnas ou alumnos nin terán un número inferior a cinco, e terán un grupo ordinario de referencia no cal cursarán as materias non incluídas nos ámbitos de coñecemento do programa de diversificación curricular.

Organización dos programas de diversificación curricular

Cada ámbito de coñecemento será impartido por unha única profesora ou un único profesor, pertencentes aos departamentos didácticos a quen corresponda a atribución docente das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

Cada grupo do programa de diversificación curricular terá unha persoa titora, que se coordinará co profesorado titor do grupo de referencia e co resto do profesorado que imparta docencia no programa. Esta persoa será designada pola dirección do centro docente de entre o profesorado que imparta algún dos ámbitos de coñecemento do programa e exercerá, se é posible, o tempo de duración do programa.

A avaliación do alumnado nos ámbitos de coñecemento que conforman o programa será continua e diferenciada, e terá como referentes os obxectivos de etapa e as competencias da educación secundaria obrigatoria.

Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente en que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha

emergencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense, para lle dar continuidade ao seu proceso formativo. Esta atención pode ser de dous tipos:

1. Atención educativa domiciliaria: para o alumnado que padeza algunha doenza crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses. Esta atención deberá ser solicitada polo pai, nai ou titores legais do alumno/a e aprobada pola xefatura territorial.
2. Atención educativa hospitalaria: para o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións: a) Longa hospitalización: máis de trinta días. b) Media hospitalización: entre quince e trinta días. c) Curta hospitalización: menos de quince días. O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.
3. Atención educativa virtual: para o alumnado vulnerable e o alumnado que por ter familiares conviventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria e para o cal as comisións provinciais de seguimento, creadas para tal efecto, determinen como xustificada a súa ausencia. Neste caso, proporán a adopción das medidas necesarias para a adecuación da resposta educativa correspondente.

Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.

O alumnado menor de idade sometido a medidas de responsabilidade penal terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. No caso de que as decisións xudiciais afecten a súa escolarización, garantírase o seu dereito á educación e será obxecto da atención educativa que se estableza na correspondente resolución xudicial, segundo o disposto na normativa vixente.

O alumnado residente nos centros de menores recibirá unha atención educativa que favoreza o seu desenvolvemento persoal, contribúa á súa reinserción social e dea continuidade ao seu proceso educativo. Igualmente, de considerárense necesarias, ofreceránselle as medidas de atención á diversidade previstas neste plan. Finalizado



o réxime de internamento, garantirase a incorporación dese alumnado ao centro docente ordinario.

O equipo docente do centro ordinario, coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, adoptará todas as medidas que promovan a súa inclusión.

Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.

O alumnado en situación de tutela, garda ou acollemento debe contar coas medidas de protección que garantan a súa escolarización e o seu desenvolvemento integral. Ese alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

Os centros docentes asegurarán a continuidade do proceso educativo dese alumnado, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan. Así mesmo, no deseño de actividades teranse en conta as que promovan a participación e o autoconhecimento, así como as que melloren a autoestima dese alumnado, aspectos necesarios para a súa inclusión.

Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar

Considérase alumnado afectado por medidas de violencia de xénero aquel que o acredite nos termos que se establecen no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Na atención educativa deste alumnado terase en conta:

- a) A súa consideración como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.
- b) A súa escolarización nos casos de cambio de centro docente.
- c) A continuidade do seu proceso educativo, adoptando as medidas de atención á diversidade que procedan, así como o coidado de todos os aspectos que favorecen o seu desenvolvemento persoal e social.

Considérase acoso escolar calquera xeito de vexación ou malos tratos continuados no tempo dunha alumna ou dun alumno por outro ou outra ou outros, sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan



causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. Na atención educativa deste alumnado terase en conta:

- a) A súa consideración, para todos os efectos, como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.
- b) As situacións probadas de acoso escolar terán a consideración de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia ou faltas moi graves, polo que serán tratadas segundo o establecido na normativa correspondente.
- c) Se as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado acosado solicitan un cambio de centro, o servizo territorial da Inspección Educativa deberá constatar a efectiva concorrencia da situación alegada e, de ser o caso, propor as medidas necesarias para a inmediata escolarización noutro centro docente.
- d) Os centros docentes incorporarán nos seus plans de convivencia actuacións destinadas á prevención, á detección e ao tratamento educativo das situacións de acoso escolar. Entre esas actuacións incluíranse campañas de sensibilización dirixidas a todos os membros da comunidade educativa e procesos de mediación.

Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.

Enténdese por alumnado pertencente a familias itinerantes aquel que, por razóns socioeconómicas da súa nai, do seu pai ou das persoas titoras legais, non pode asistir de xeito continuado ao mesmo centro docente, por ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar. Ese alumnado será considerado, para todos os efectos, alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

O centro docente prestarán atención especial á inclusión e á normalización do devandito alumnado, e porán ao seu dispor as medidas de atención á diversidade que precise, así como, de ser o caso, os servizos complementarios de transporte e comedor, nas condicións establecidas con carácter xeral para o resto do alumnado.

Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.

O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun grupo de adquisición de linguas e/ou



nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial, que, de considerarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente. Esta medida só se aplicará nas etapas de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, respectando que a alumna ou o alumno poidan rematar calquera desas etapas, dentro dos límites de idade establecidos.

Todas as medidas educativas de atención ao alumnado procedente do estranxeiro considerarán as súas necesidades e facilitarán a súa inclusión, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

Grupos de adquisición de linguas.

Os grupos de adquisición de linguas son agrupamentos de alumnado de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, do derradeiro curso de educación infantil que, procedendo do estranxeiro, descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. Estes grupos teñen por finalidade o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite, canto antes, a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso en que estea escolarizado.

O alumnado poderá formar parte dun grupo de adquisición de linguas un tempo máximo dun trimestre e o servizo territorial de Inspección Educativa poderá, logo da solicitude do centro docente, autorizar a ampliación excepcional dese período.

Antes de rematar o prazo para o cal fose concedida a súa participación no agrupamento, unha alumna ou un alumno poderá incorporarse ao seu grupo ordinario se o equipo docente considera superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.

O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición de linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo ciclo ou nivel, pero debe permanecer co seu grupo ordinario nas áreas, nas materias e nos momentos que máis favorezan a súa integración e a súa inclusión.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será de cinco períodos lectivos semanais no derradeiro curso da educación infantil; dez, no primeiro ciclo da educación primaria; vinte, no segundo e no terceiro ciclos da educación primaria; e vinte e catro, na educación secundaria obrigatoria. Estes períodos lectivos semanais deberanse reducir progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

O profesorado encargado dos grupos de adquisición de linguas na educación secundaria obrigatoria pertencerá, preferentemente, ás especialidades de carácter lingüístico e deberá contar con dispoñibilidade horaria. En educación primaria e en educación infantil, de ser o caso, encargárase calquera mestra ou mestre da correspondente etapa que conte con dispoñibilidade horaria. Ese profesorado coordinarase co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza a alumna ou o alumno, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

A avaliación das aprendizaxes específicas no grupo de adquisición de linguas será continua, realizaraa o profesorado encargado dese agrupamento e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia nel. Non obstante, as sesións de avaliación realizaranse segundo o procedemento xeral que prevé a normativa de cada etapa, e poderá asistir a esas sesións, con voz e sen voto, o profesorado que realizou a intervención específica nese grupo.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado que asista a un grupo de adquisición de linguas serán informadas polo profesorado titor sobre o seu progreso nas aprendizaxes específicas de tipo lingüístico, así como no relativo á súa inclusión no centro docente.

Para constituír un grupo de adquisición de linguas será necesaria a solicitude da dirección do centro docente ao servizo territorial de Inspección Educativa correspondente.

Grupos de adaptación de competencia curricular.

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos de alumnado do segundo e terceiro ciclos de educación primaria e/ou de educación secundaria obrigatoria que, procedendo do estranxeiro e non contando con adaptación

curricular, presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería polo grupo en que estea escolarizado nas áreas ou materias instrumentais de Lingua Galega e Literatura, de Lingua Castelá e Literatura, e de Matemáticas.

A súa finalidade é contribuír, o máis rapidamente posible, a unha competencia curricular que lle permita a plena incorporación ás actividades de aprendizaxe propostas ao grupo en que estea escolarizado.

Decidirase a conformación dun grupo de adaptación da competencia curricular cando, a partir da avaliación inicial, se verifique o desfase curricular indicado no punto anterior e se considere a medida máis adecuada para a inclusión dese alumnado e para o seu desenvolvemento curricular.

A permanencia do alumnado nestes grupos, que se poderá estender ao longo de todo o curso escolar, levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar semanal, coincidindo coas áreas ou materias de carácter instrumental. Esta permanencia non poderá exceder os oito períodos lectivos semanais no segundo e no terceiro ciclos de educación primaria, e dez, na educación secundaria obrigatoria, nin abranger a totalidade do horario semanal de cada unha das áreas ou das materias con que coincide. Non obstante, o alumnado incorporárase plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que o equipo docente considere superadas as necesidades educativas que motivaran esa medida.

O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de estar escolarizado no mesmo nivel ou ciclo.

O profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular será:

- En educación primaria, calquera mestra ou mestre que conte con dispoñibilidade horaria.
- En educación secundaria obrigatoria, o profesorado pertencerá, preferentemente, ás especialidades das materias instrumentais que se van desenvolver no referido grupo e deberá contar con dispoñibilidade horaria.

Este profesorado manterá unha estreita coordinación co profesorado titor do grupo ordinario a que pertenza a alumna ou o alumno, e contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Este profesorado asistirá ás sesións de avaliación do alumnado do grupo que atende, con voz e sen voto. A avaliación deste alumnado corresponde ao equipo docente do grupo ordinario.

A nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado que asiste a un grupo de adaptación da competencia curricular serán informadas polo profesorado titor sobre esta medida, sobre o seu progreso na superación do desfasamento curricular e sobre a súa inclusión no centro docente.

Atención educativa a mozas embarazadas.

A atención educativa a mozas embarazadas enmárcase nas medidas de promoción da escolarización e da formación que se establecen no Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Esta atención está destinada a facilitar o proceso educativo das menores durante o seu embarazo e nos dous anos posteriores ao parto, e recóllense, entre outras, as seguintes medidas:

- a) A alumna afectada por embarazo será considerada, para todos os efectos, como alumna con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.
- b) O centro docente facilitará a asistencia ás probas prenatais ás persoas proxenitoras, adecuando os procesos de ensino e de aprendizaxe ás súas necesidades.
- c) A menor de idade terá dereito a atención educativa domiciliaria se durante o proceso de xestación precisa repouso, por prescrición médica.
- d) O centro docente, durante o proceso de xestación, posterior maternidade e ata os dous anos de idade da filla ou do fillo, adaptarán as datas e o horario das probas de avaliación das persoas proxenitoras.
- e) Potenciarase, por parte do equipo docente e coa colaboración do departamento de orientación, a comunicación e o mantemento do vínculo co ámbito educativo, procurando asegurar a permanencia da moza embarazada no sistema educativo, evitando un posible abandono escolar temperán.
- f) Cando a asistencia ao centro docente non poida ser continuada por mor do embarazo, do parto ou do coidado da súa filla ou do seu fillo menor de dous anos, propiciarase o uso de medios telemáticos que permitan seguir con aproveitamento o desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe. Igualmente, de ser o caso, podería continuar na modalidade de educación a distancia mediante o traslado provisional de matrícula, mantendo a praza educativa no centro de procedencia.
- g) O departamento de orientación informará a menor embarazada das redes de apoio existentes no seu contorno.

h) Facilitaranse as entradas e saídas ao centro docente da menor de idade para a lactación da súa filla ou do seu fillo ata os dous anos de idade. De ser o caso, ofreceráselle a posibilidade de levar a cabo a lactación nunha dependencia do centro docente que cumpra as condicións de privacidade e tranquilidade.

2. As ausencias ao centro docente por motivo de actividades de preparación do parto, así como as derivadas deste, da atención e da asistencia médica da filla ou do fillo, terán a consideración de faltas xustificadas.

5. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E

APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Na atención á diversidade será a aula o referente para as distintas actuacións, contemplándose na Programación de Aula as necesidades de todos os alumnos/as do grupo, facendo unha maior incidencia nos alumnos/as con necesidades específicas de apoio.

En Educación Infantil e Primaria serán os mestres tutores/as e os especialistas os que determinen as necesidades que logo se exporán na avaliación inicial, correspondendo despois a xefatura de estudos e ao departamento de orientación a distribución de horarios e información da medidas ás familias.

Na ESO serán os profesores/as de área e os tutores/as os que informen das problemáticas detectadas na avaliación inicial, desenvolvendo eles mesmos as medidas ordinarias (reforzo, distribución da aula, metodoloxía...) e derivando as extraordinarias a xefatura de estudos e Departamento de Orientación para que, xunto á autorización da dirección e Inspección Educativa decidan as medidas máis oportunas (AL, PT, Acs, agrupamentos flexibles, PDC, ...).

CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

Recursos materiais:

Ademais das aulas específicas de PT e AL e a aula de atención educativa e convivencia, todos os espazos e recursos materiais do centro poderán ser empregados para o desenvolvemento deste Plan.

- Materiais didácticos: inventariados no DO e aulas específicas e a disposición do profesorado que o precise.



- Material bibliográfico de consulta para o profesorado, dispoñible no DO e na biblioteca escolar.
- Biblioteca de pais e nais, dispoñible na biblioteca escolar.
- Material complementario dispoñible nas aulas específicas e no Departamento de Orientación.
- Documentos informativos específicos de atención á diversidade elaborados polo DO.

No seguimento e avaliación anual do Plan farase proposta de adquisición de materiais específicos necesarios para o seu desenvolvemento.

Recursos persoais:

Todo o profesorado do centro poderá ser empregado para o desenvolvemento deste Plan.

O catálogo do centro conta, ademais, cunha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica e unha de Audición e Linguaxe compartida que desenvolve o seu labor no centro dous días á semana, con independencia da solicitude anual de incremento deste profesorado polo número de necesidades a atender.

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE AD PROPOSTAS

Os criterios e o protocolo a seguir para a identificación e valoración das necesidades son os recollidos no punto 2 deste plan.

Criterios para a atención do alumnado con NEAE:

As intervencións específicas que sexan precisas por parte do profesorado especialista de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe ou polo resto de profesorado con dispoñibilidade horaria serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación en colaboración coa xefatura de estudos e as persoas titoras dos grupos aos que pertence o alumnado.

Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, salvo casos excepcionais debidamente previstos e xustificados e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

Apoio educativo por profesorado con dispoñibilidade horaria:

Esta medida supón a colaboración e o traballo conxunto na aula dun profesor de centro con dispoñibilidade horaria co profesor adscrito á área. Esta tarefa será desenvolta nas áreas de lingua castelá/galega e matemáticas. Serán criterios a considerar na distribución deste profesorado:

- O número de alumnado do grupo
- Presenza de alumnado con neae que non pode contar con apoio especializado.
- Presenza de alumnado repetidor.
- Presenza de alumnado que promociona sen acadar avaliación positiva en todas as áreas.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía terapéutica e/ou Audición e linguaxe.

Trátase do apoio temporal por parte dun especialista, dentro ou fóra da aula ordinaria, segundo recomendación do orientador do centro. O orientador elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Priorizarase o apoio na comunicación e competencia lingüística e lóxico-matemática .Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, salvo casos excepcionais debidamente previstos e xustificados e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

Criterios de atención específica:

A atención directa por parte do profesorado especialista realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria.

- Poderá realizarse fóra da aula ordinaria nos seguintes casos:
 - Para as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado, Sempre ocupando unha fracción do período lectivo salvo casos de neae permanentes.
 - Con carácter excepcional, sempre que estea debidamente xustificado no informe psicopedagóxico:



- Alumnado que contan con AC ou aos que previamente se lle teñen aplicado medidas de atención ordinaria e cuxo retraso escolar lle impida o seguimento adaptado da clase.
- Alumnado cuxos problemas de aprendizaxe precisan un apoio específico e individualizado.
- Tamén con carácter excepcional, alumnos con problemas condutuais que requiran un tempo fóra da aula.

Prioridades de atención:

Con carácter xeral, aplicaranse as seguintes prioridades para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

1. Previo informe psicopedagógico e/ou Ditame do EOE, recibirá apoio por parte dos especialistas de PT/AL o alumnado con ACS e NEE asociadas a discapacidades, trastorno xeneralizado do desenvolvemento (TXD), TDAH, dificultades graves de conducta e alumnado con desfase curricular por incorporación tardía ao sistema educativo.
2. Alumnado con dificultades de aprendizaxe e ACS.
3. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe asociadas a trastorno específico da linguaxe, necesidades educativas asociadas a retraso da linguaxe, dificultades da fala, dificultades de lectoescritura, cálculo e resolución de problemas.
4. Outras dificultades asociadas a necesidades educativas derivadas de altas capacidades.

Priorizarase a atención ao alumnado con menor idade para evitar futuras dificultades e establecer o antes posible os mecanismos para acadar o éxito escolar así como aqueles con maior número de cursos de desfase curricular co grupo de referencia.

No caso do alumnos con problemas de articulación as prioridades serán as seguintes:

En Educación Infantil, con carácter xeral priorizaranse os alumnos de maior idade. Ante o alumnado que presenta dificultades no axeitado desenvolvemento da linguaxe iniciarase a intervención de xeito grupal, na aula ordinaria, a través do



Obradoiro de Estimulación da Linguaxe, de maneira que a intervención específica, que para uns ten carácter rehabilitador, teña para todos un carácter preventivo e de estimulación, facilitando o axeitado desenvolvemento da linguaxe e da fala. A mestra de AL poderá intervir directamente no grupo-clase (se presenta dispoñibilidade horaria seguindo os criterios de priorización de actuación) ou ben asesorar ao mestre de aula na programación e posta en práctica do Obradoiro, deseño de actividades, recursos...

- Pola contra, en Educación Primaria deberán priorizarse os cursos baixos para unha resolución máis inmediata da súa problemática, salvo que exista alumnado de maior idade con problemas graves de articulación sen resolver.

Criterios para a elaboración dos horarios de apoio:

- Para o establecemento dos apoios en aula teranse en conta as sesións lectivas do grupo das materias obxecto de dificultade.
- Nos casos de alumnado que recibe a atención dentro da aula ordinaria, o apoio realizarase no horario da materia a reforzar.
- No caso do alumnos que precisan atención individualizada fóra da aula, respectaranse as distintas especialidades (salvo casos excepcionais) e materias nas que poden seguir o ritmo do grupo-aula (plástica, EF...) e aqueles momentos nos que se desenvolvan actividades colaborativas ou de grupo: hora de ler, actividades complementarias, etc.
- En Educación Primaria, unha vez establecidos os horarios de apoio, o profesor titor deberá adecuar o horario da aula para que o alumno non perda materias diferentes ás que son obxecto do reforzo.
- No caso do alumnado que pode precisar unha actuación inmediata con atención puntual por problemas condutuais (tempo fora) realizará a atención o profesorado con dispoñibilidade horaria nese momento.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS

Profesorado titor e especialista:

- Realizar a avaliación inicial.
- Facilitar a integración de todo o alumnado no grupo.
- Informar e asesorar ás familias, intercambiando información de xeito fluído.



- Avaliar trimestralmente en E. Infantil e Primaria. Na ESO coordinarán as sesións de avaliación das súas titorías.
- Tomar decisións sobre a promoción de curso.
- Elaborar, desenvolver, facer seguimento, e avaliar as medidas ordinarias (reforzo) e extraordinarias (Acs).

Departamento de Orientación:

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias a instancias dos titores/as e profesorado.
- Determinar os alumnos/as con necesidades específicas de apoio e asesorar sobre as respostas educativas.
- Coordinación co profesorado de PT e AL, adaptando os seus horarios xunto coas xefaturas de estudos.
- Colaborar no seguimento do alumnado con dificultades.
- Organizar as medidas de atención á diversidade xunto ao equipo directivo e á CCP.
- Determinar a principio e final de curso as previsións das necesidades de apoio a atender.

Profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe:

- 1) A intervención profesional do profesorado especialista en PT e AL débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con NEE, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con NEA (necesidades específicas de apoio). Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de E. Infantil, E. Primaria e ESO.
- 2) O profesorado especialista en PT e o especialista en AL realizarán as seguintes funcións específicas:
 - a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
 - b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura



- de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá á do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.
- c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e asesoramento do xefe/a do departamento de orientación. ANEXO X: MODELO PROGRAMA INTERVENCIÓN AL PT
 - d) Colaborar, de ser o caso, nas elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.
 - e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
 - f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
 - g) Elaborar, ao final o curso escolar, un informe individual de cada alumno/a ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente. ANEXO XI: MODELO INFORME FINAL AL PT.
 - h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.
- 3) O apoio do profesorado especialista en AL centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.
 - 4) A atención docente directa por parte do profesorado especialista en PT ou en AL, con carácter xeral, farase dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de 5 alumnos/as de forma simultánea.



- 5) Os programas de intervención, que se citan no punto 2. c) deberán considerar, cando menos:
- a) As competencias adquiridas e as necesidades educativas que presentan o alumno/a, que deben constar no informe psicopedagóxico.
 - b) O currículo de referencia do alumno/a. De tratarse de alumnado con adaptación curricular, deberá considerar o currículo adaptado.
 - c) O enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado da área ou da materia na que o alumnado recibe o apoio.
 - d) A coordinación co profesorado titor e co profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio.
 - e) O seguimento e a avaliación do programa, que incluírá indicadores de avaliación. A información obtida deses procesos daralla a coñecer o profesorado de apoio ao equipo docente, cando menos, nas sesións de avaliación
- 6) Ao finalizar o curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumno/a, aos que se refire o punto 2. g) deste artigo, o profesorado de apoio elaborará unha memoria na que incluírá cando menos:
- a) Cantidade de alumnado ao que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel educativo.
 - b) Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas que realizou as intervencións de apoio.
 - c) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.
 - d) Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

A memoria entregáraselle á xefatura do departamento de orientación para incluír, como anexo, na memoria anual dese departamento.

Persoal Coidador:

- 1) O persoal coidador enténdese como un recurso profesional de apoio aos centros docentes para atender ao alumnado con NEE escolarizado no 2º ciclo de E. Infantil, E. Primaria e a ESO que presente algunha das seguintes características:
- a) Necesidade de ser acompañado en todos ou en parte dos seus desprazamentos.
 - b) Necesidade de asistencia na súa hixiene e aseo.



- c) Necesidade de asistencia imprescindible na súa alimentación.
- d) Necesidade de cambios posturais frecuentes ao longo da xornada escolar, para os que careza da autonomía necesaria.
- e) Ausencia de hábitos de autonomía e de vida en sociedade.

2) O persoal coidador destinado á atención á do alumnado indicado no punto anterior terá as seguintes funcións:

- a) Atender ao alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión.
- b) Realizar os cambios e o control postural que ese alumno necesite.
- c) Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- e) Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.
- f) De ser o caso, atender ao alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- g) Nos casos excepcionais que resulte necesario, acompañar na ruta escolar ao alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar coidador.
- h) Colabora nas actividades complementarias nas que participen o alumno/a.
- i) Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións nas que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinacións establecidas polos equipos docentes que corresponda e polo departamento de orientación.
- j) Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.



3) A intervención profesional do persoal coidador será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que o alumnado que atende vaia adquirindo.

4) A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con NEE non excederá de 1/6, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado.

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:

- 1) O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área ou a materia. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área ou a materia, pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como apoio xeral ao conxunto da aula.
- 2) Estas medidas de reforzo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos levados a cabo, seguindo o modelo orientativo establecido no Anexo I da Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se regula a atención á diversidade na C.A. de Galicia

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS

A coordinación representa unha condición indispensable para levar a cabo a tarefa educadora que, pola súa dimensión social, implica o establecemento de continuas interaccións entre os distintos axentes que nela participan.

Dende o centro promoveremos tanto a constante colaboración e coordinación interna como a colaboración coas distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas.

COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA

O éxito do proceso de atención á diversidade pasa ineludiblemente polo traballo coordinado e colaborativo de todos os implicados. De aí que na aplicación de calquera medida resulta imprescindible realizar un deseño global cun traballo común e coordinado de todo o equipo educativo.

Dentro do noso centro, os equipos docentes, representan o ámbito de coordinación máis próximo á acción educativa, destacar a importancia das reunións de:

- O equipo directivo: responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan.
- A comisión de coordinación pedagóxica: órgano de coordinación docente que marca as directrices para a elaboración, seguimento e avaliación do plan. Nela se establecerán criterios comúns de actuación e acordos e prioridades no desenvolvemento das medidas de AD.
- O departamento de orientación: departamento encargado da elaboración do Plan Xeral e da súa concreción anual dentro da PXA, realizará un seguimento e valoración, cando menos trimestral, das medidas de AD programadas no plan anual. A avaliación da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade será realizada ao finalizar cada curso escolar polo departamento de orientación do centro docente. O informe desa avaliación darase a coñecer ao claustro de profesorado e entregárase á dirección do centro docente para a súa incorporación á memoria anual do centro.
- Os equipos de ciclo e departamentos didácticos: é precisa a colaboración de todos os membros no seguimento global do alumnado NEAE , tanto na labor preventiva como de establecemento de medidas necesarias para unha resposta o máis axeitada ás necesidades do alumnado.
- A persoa titora: figura encargada de asumir a coordinación do profesorado do seu grupo coa colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación.

Ademais resulta necesario fortalecer as reunións de coordinación directamente implicadas no día a día do alumnado deste centro, tales como:

- Reunións do equipo de profesores que imparte docencia ao alumnado con necesidades educativas: coordinadas polo titor/a correspondente e coa colaboración do Departamento de Orientación para establecer criterios comúns de actuación, analizar as necesidades educativas do alumno/a ou do grupo, se procede, e compartir información.

- Coordinación entre o profesorado de apoio e os titores no caso do seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo; co fin de poder facer un traballo conxunto cun mesmo criterio de actuación.
- Reunións de titores/as co departamento de orientación con periodicidade mensual, para ir tratando os posibles problemas detectados nas aulas.
- Reunións de cambio de etapa: no mes de xuño ou setembro, entre os titores dos grupos de 6º curso de EI e o profesorado de EP que lles impartirá clase e dos docentes de 6º de EP co profesorado da ESO que lles impartirá clase co fin de proporcionar a información relativa ás posibles medidas de AD necesarias no curso que entra, os agrupamentos ou a exención da 2ª lingua estranxeira en 1º de ESO.
- Xuntas de avaliación: valorarán o progreso de cada alumno/a e establecerán as medidas a adoptar, valorarán a eficacia das xa adoptadas, avaliarán a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás necesidades do alumnado NEAE, etc.
- Reunións da comisión de convivencia.
- As persoas titoras do alumnado NEAE manterán un contacto constante e fluído co departamento de orientación.

COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS

Os centros adscritos ao noso centro son:

1. CRA A Tarandeira, que conta cunha escola unitaria na parroquia de Lañas e que escolariza alumnado de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria.
2. IES Xulián Magariños de Negreira.

Os mecanismos de colaboración e coordinación con ambos centros son os seguintes:

- Un contacto continuo e fluído da dirección do centro coa dirección dos centros adscritos que facilita o fluxo de información: admisión alumnado, matrícula...



- Reunións periódicas dos Departamentos de Orientación do centro e do IES Xulián Magariños.
- Xornadas de convivencia coa escola unitaria de Lañas e o PAI de San Mamede.
- Programa de acollida para o alumnado do CRA.
- Programa de transición ao ensino post-obrigatorio:
 - Charlas informativas sobre a oferta de bacharelatos e ciclos de FP no IES Xulián Magariños.
 - Folletos informativos, dirixidos ao alumnado de 4º de ESO e as súas familias sobre os cambios académicos no bacharelato e ciclos de FP.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS/PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E CON DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS

8.1 CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

As familias recibirán información e serán oídas en todas aquelas decisións que se tomen respecto a medidas a desenvolver para a mellora das aprendizaxes dos seus fillos e fillas.

As canles de colaboración coas familias serán as seguintes:

- Xornadas de Portas Abertas, no mes de febreiro ou marzo, antes do inicio do proceso de admisión, para presentar ás familias de nova incorporación as instalacións do centro, o proxecto educativo e os diferentes programas e proxectos nos que está implicado o centro.
- Folletos informativos, no momento da matrícula ou incorporación ao centro, con información relativa ao funcionamento do centro, horarios e servizos que ofrece: Departamento de Orientación, profesorado de apoio, programas e proxectos do centro, biblioteca, madrugadores, actividades extraescolares...
- Reunión de inicio de curso por titorías: no mes de outubro, despois da avaliación inicial.
- Atención ao longo do curso: reunións puntuais co orientador, a demanda das familias, previa cita, no horario semanal de atención a familias.
- Charlas informativas no tránsito de infantil a primaria, de primaria a ESO e de ESO ao ensino post-obrigatorio nos meses de xuño e setembro.
- Colaboración coas familias na xestión de becas NEAE do MEC.
- Colaboración coas familias no proceso de admisión a ciclos e bacharelato.



- Cando o departamento de orientación, previa avaliación inicial e comunicación coas persoas titoras, considere necesaria a aplicación de medidas de intervención con apoio específico, a persoa titora convocará á familia a unha reunión co orientador para informarlles do motivo, funcionamento (horario, materiais...) e xeito de colaborar no desenvolvemento das medidas.
- Información continuada sobre o proceso de aprendizaxe, cando menos ao remate de cada avaliación, a través dos boletíns trimestrais.
- Outras reunións individuais para tratar temas relacionados coa aprendizaxe, a convivencia ou a saúde emocional dos seus fillos e fillas coas persoas titoras e o orientador.

Por outra banda, o departamento de orientación e a dirección do centro fomentarán a comunicación estreita coas familias:

- No proceso de avaliación inicial.
- Nas posibles avaliacións psicopedagóxicas.

Colaboración coa ANPA

O departamento de orientación colaborará dun modo estreito e continuado no desenvolvemento da *Escola de nais e pais* para traballar temas como:

- Información sobre as diferentes etapas educativas e novidades legislativas.
- Información sobre as diferentes etapas evolutivas.
- Técnicas de estudo e traballo no fogar.
- Sensibilización sobre o bo uso de dispositivos electrónicos e acceso a redes.
- Educación emocional.
- Outros temas de interese para as familias.

8.2 CANLES DE COLABORACIÓN COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS

O departamento de orientación mantén unha estreita e continuada comunicación e colaboración cos seguintes servizos externos:

- Servizos sociais do Concello da Baña.
- Asesoramento da Inspección Educativa.
- Equipo de Orientación Específico da Coruña.
- Persoa responsable da Unidade de Acompañamento e Orientación do CPI dos Dices, ao que se adscribe o noso centro dentro da Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia.



- Asociación Anxiños.
- Outros centros de atención externa ao alumnado con NEAE: (Previa autorización das familias para a comunicación de información escolar e académica). ANEXO XII: MODELO DE AUTORIZACIÓN
 - o Gabinete Aquelar, Santa Comba.
 - o Asperga.
 - o Autismo Galicia.
 - o Latento Santiago.
 - o ...

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

As medidas extraordinarias, xa recollidas neste plan, levaranse a cabo sempre tras a correspondente avaliación psicopedagóxica do alumnado e tomando sempre como referencia o que se establece na lexislación vixente.

Segundo recolle a *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, o protocolo para a solicitude e autorización destas medidas é o seguinte:

ADAPTACIÓN CURRICULAR

- a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor.
- b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidírase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a acta desta reunión.
- c) O xefe do departamento de orientación informará ás nais, pais ou ás persoas titoras legais do alumno/a da proposta de AC por parte do equipo educativo.

- c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro docente ten establecido (ANEXO IX).
- d) A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II da orde do 8 de setembro de 2021, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular.
- e) A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.
- f) No caso de que se solicite, o departamento de orientación proporcionará ás nais, pais ou persoas titoras legais do alumnado unha copia da adaptación curricular autorizada.

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

- a) Convocatoria dunha reunión, por parte da xefatura de estudos, logo da avaliación final ordinaria á cal asistirán a xefatura do departamento de orientación e o profesorado titor do nivel educativo, para analizar a situación do alumnado con dificultades nas áreas ou nas materias que poderían ser obxecto de agrupamento flexible. En todo caso, o alumnado proposto non poderá contar no mesmo curso académico con adaptación curricular na área ou na materia en que se propón o agrupamento.
- b) Informe do profesorado titor sobre o alumnado que podería beneficiarse dese agrupamento.
- c) Informe da xefatura do departamento de orientación sobre as circunstancias do alumnado proposto para o agrupamento.
- d) Información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais sobre a medida e a súa conformidade expresa. O traslado desa información e a obtención da conformidade correrán a cargo do profesorado titor.

e) Durante o mes de setembro, a dirección do centro docente solicitaralle ao servizo territorial de Inspección Educativa a autorización do agrupamento flexible, incluíndo a seguinte información:

- As áreas ou as materias que se impartirán no agrupamento flexible, así como as programacións adaptadas de cada unha delas, considerando as competencias que o alumnado non ten adquiridas e se consideran necesarias para acadar as aprendizaxes requiridas no curso de referencia.
- A relación do alumnado seleccionado, con indicación dos criterios de selección e das medidas ordinarias aplicadas a cada alumna ou alumno.
- O horario semanal en que este alumnado permanecerá no agrupamento flexible.
- A relación de profesorado que se encargará da docencia no agrupamento flexible.
- O procedemento de coordinación entre o profesorado do agrupamento flexible e o profesorado da área ou da materia do grupo ordinario, de ser o caso.
- A conformidade expresa das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado afectado.

f) A autorización dos agrupamentos flexibles compete ao servizo territorial de Inspección Educativa.

g) No caso de alumnado de nova incorporación ao centro docente, a decisión adoptarase tendo en conta a información achegada polo departamento de orientación do centro de procedencia ou, de ser o caso, logo de realizada a avaliación inicial.

h) De igual modo se procederá para a incorporación de novo alumnado logo de constituídos os agrupamentos flexibles. A proposta de incorporación, de ser o caso, realizarase ata o mes de xaneiro, incluído.

i) Calquera modificación da configuración dos agrupamentos flexibles será comunicada pola dirección do centro ao servizo territorial de Inspección Educativa.

APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU AUDICIÓN E LINGUAXE

- a) Solicitude do apoio por parte do profesorado indicando o motivo a través dun informe. (ANEXO X).
- b) Proposta individualizada de reforzo educativo elaborada polo Departamento de Orientación, nos casos en que proceda.
- c) Información á familia a través do titor ou titora.
- d) Información á Xefatura de Estudos.
- e) Autorización da Dirección do centro.

FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN NAS ETAPAS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Redución do período de escolarización para alumnado con AACC:

O procedemento a seguir para a súa solicitude é o seguinte:

- a) No mes de marzo, solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, achegando a seguinte documentación:

1º. Informe do profesorado titor en que se xustifique a necesidade desa medida.

2º. Informe psicopedagógico, en que conste, entre outros aspectos, a acreditación da alta capacidade intelectual da alumna ou do alumno e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

5º. Proposta de adaptación do currículo, conforme o establecido no artigo 55 desta orde.

- b) A documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Educativa, será remitida pola xefatura territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, á cal lle corresponde autorizar, de ser o caso, a flexibilización, no mes de abril.

- c) No mes de xuño a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adoptará as resolucións que procedan e llelas comunicará ás direccións dos centros docentes, que llo trasladará ás persoas interesadas.



Ampliación da duración do período de escolarización no terceiro curso do segundo ciclo de educación infantil e nas etapas de educación primaria e ESO:

O procedemento a seguir para a súa solicitude é o seguinte:

a) Solicitude (no mes de abril para EI e EP, nos 5 días naturais seguintes á sesión de avaliación final do alumno/a para ESO) da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, xunto coa seguinte documentación:

1º. Informe do profesorado titor, no cal se xustifique a necesidade desa medida.

2º. Informe psicopedagóxico da xefatura do departamento de orientación, no cal se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

3º. Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

4º. Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

5º. Proposta de adaptación do currículo, conforme o establecido no artigo 55 da orde de 8 de setembro.

b) Remisión da documentación anterior, xunto co informe do servizo territorial de Inspección Educativa, á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen corresponde autorizar a flexibilización.

c) O proceso de solicitude e resolución da flexibilización da duración do período de escolarización realizarase a través dunha aplicación informática específica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

Procedemento de incorporación aos programas de diversificación curricular:

1. Logo de realizada a avaliación final ordinaria, o equipo docente realizará unha proposta provisional do alumnado que se podería incorporar ao programa, o que permitirá á xefatura do departamento de orientación realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado proposto.
2. Despois da avaliación final extraordinaria, o equipo docente realizará a proposta razoada do alumnado que se podería incorporar ao programa de diversificación curricular.
3. O profesorado titor elaborará un informe individualizado do alumnado que se podería incorporar ao programa, que será remitido ao departamento de orientación e que deberá constar, como mínimo, da competencia curricular



- do alumnado en cada materia, das dificultades de aprendizaxe detectadas, das medidas de atención á diversidade aplicadas previamente e dos motivos polos cales o equipo docente considera conveniente a súa integración no programa de diversificación curricular. Este informe trasladarase á xefatura do departamento de orientación.
4. A xefatura do departamento de orientación elaborará un informe por cada alumna ou alumno, no cal se incluírán as conclusións sobre o informe do profesorado titor, as da avaliación psicopedagóxica e a opinión da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumno ou da alumna, e a destes mesmos sobre a medida proposta.
